



## MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE ESO

### DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

A publicación da *ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia*, supón a modificación do calendario e, en consecuencia, a modificación da programación didáctica prevista para o curso 2021/22 por este departamento.

Tal e como dita a Orde do 25 de xaneiro de 2022, ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.

Por todo isto, modifícanse os criterios de cualificación quedando do seguinte modo:

a) En caso de ter superada a materia ao longo das tres avaliacións parciais, o alumnado recibirá actividades de ampliación que serán valoradas da seguinte forma na cualificación definitiva da avaliación ordinaria:

As actividades de traballos de ampliación terán un peso do 10% na cualificación definitiva.

b) En caso de non ter acadados os contidos mínimos da materia ao longo das tres avaliacións parciais, o alumnado realizará actividades de recuperación que serán valoradas da seguinte forma na cualificación definitiva da avaliación ordinaria:

Probas escritas individuais terán un peso do 80% na cualificación definitiva.

Actividades e traballos de recuperación terán un peso do 20% na cualificación definitiva.

En Ferrol, a 3 de marzo de 2022

Asdo.: Natalia San José Manso

Xefa/e do departamento de Economía